

# Celga



# 4

## PROBA B (ORAL)

### Caderno dos examinadores



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C4-B-09

## PARTE 1 (Texto escrito)

---

A continuación, lea vostede este artigo sobre a ONG galega Implicadas/os no Desenvolvemento. Tome as notas que considere oportunas.

# COOPERACIÓN, XÉNERO E IGUALDADE

Ana Cabaleiro López

*Vanakkam* significa benvida/benvido en idioma tamil. Para un grupo cada vez máis numeroso de galegas e galegos, *Vanakkam* significa oportunidade. Oportunidade de coñecer, aprender, gozar e enriquecer a nosa perspectiva a través do estudo dos proxectos de cooperación ao desenvolvemento que Implicadas/os no Desenvolvemento ten en marcha na India e en Etiopía.



Trátase dun estudo participativo que inclúe a posibilidade de viaxar durante quince días á India para coñecer sobre o terreo os proxectos nos estados de Tamil Nadu e Karaikal. Son tres as edicións que se realizaron deste curso de formación, no que o principal obxectivo radica en coñecer o xeito de traballar de Implicadas para entender unha concepción diferente da cooperación ao desenvolvemento. Esta ONG galega só financia proxectos integrais que sempre ofrezan garantías de que non se creará unha dependencia entre a comunidade e a ONG e que estean xestionados por organizacións locais, de xeito que se garanta o respecto cultural, a creación de emprego local e a autosuficiencia das comunidades. Isto significa que Implicadas non traballa con cooperantes, como comunmente se adoita pensar, senón que acredita en traballadores e traballadoras locais, evitando trasladar á comunidade beneficiaria do proxecto os prexuízos derivados da nosa concepción eurocéntrica do mundo. Neste sentido, os proxectos lévanse a cabo en colaboración con ONG locais, as denominadas contraparte, PDI no caso da India e OPFRIS no caso de Etiopía.

Así mesmo, os proxectos teñen un decidido enfoque de xénero, que se basea no empoderamento das mulleres para facelas visibles dentro da súa sociedade e capacítalas para a toma de decisións. Non se trata tan só de accións enfocadas exclusivamente a mulleres, senón de traballar co conxunto da comunidade para rematar co sistema de desigualdade entre homes e mulleres. “Ao principio pensabamos que empoderando as mulleres se conseguía a igualdade entre os sexos, pero coa orientación de Implicadas decatámonos que iso só non cambia as cousas; hai que traballar tamén cos homes para acadar a igualdade real”, afirma I. Amvalabanam, director de PDI.

## Os grupos de aforro

A través da viaxe do curso *Vanakkam*, as participantes poderán comprobar sobre o terreo, con testemuñas de primeira man, como os proxectos cambian a vida das persoas que participan neles. A modo de exemplo ilustrativo, podemos coller os grupos de aforro, que funcionan cunha adaptación técnica do microcrédito e supoñen, ademais, grupos de autoaxuda para as beneficiarias. As mulleres que participan nesta iniciativa reúnen cunha periodicidade mensual, fixan a cantidade que deben aforrar e achegar cada unha –que van sacando dos gastos da casa, maiormente–, levan a súa propia contabilidade e fixan o xuro ao que, posteriormente, se prestarán

os cartos. Unha premisa fundamental desta dinámica é que os aforros teñen que rotar para xerar beneficios na comunidade; por exemplo, promóvese que as mulleres boten a andar os seus propios negocios grazas ao fondo do que dispón o grupo e ao que elas mesmas contribuíron co seu aforro individual.

Este proceso que parece tan sinxelo implica que, ao final do proxecto, cando Implicadas deixa de tutelalo, as mulleres deben estar capacitadas para faceren por si mesmas todas as xestións bancarias precisas para continuar cos grupos de aforro. Isto significa que, na maioría dos casos, as mulleres deben aprender a ler e a escribir –existe un elevado índice de analfabetismo en xeral, e máis acusado aínda no caso das mulleres–, a superar os prexuízos e atrancos sociais e, mal chamados, culturais para desenvolvérense en ámbitos nos que, pola súa clase social e condición de mulleres, non lles é doado facelo, como o caso dos bancos. O proxecto inclúe, ademais, accións de apoio á educación da infancia, con especial incidencia na escolarización das rapazas –xa que tradicionalmente deixan de ir á escola en canto se considera que xa poden facerse cargo do coidado dos irmáns pequenos, das persoas maiores e das tarefas do fogar–, así como de labores de detección de casos de violencia de xénero, axuda para xestións sanitarias e para capacitación laboral. Deste xeito, complementáase a parte económica coa visibilidade social, dándolles espazo político ás mulleres para seren oídas e seren autónomas, intervindo nos casos de violencia de xénero, na toma de decisións dentro da comunidade etc.

Neste contexto, para a mirada occidental e consumista, o primeiro no que adoitamos coincidir é no sorprendente que nos resulta comprobar que poucas cousas materiais se precisan para vivir e, ademais, vivir con dignidade. Unha das primeiras contas que acostumamos botar é que se nun grupo aforran 100 rupias por participante, cunha equivalencia na moeda de 1 euro igual a 64 rupias aproximadamente, o seu aforro mensual non nos chega no noso mundo para o tabaco dun día. Por iso, as súas testemuñas supoñen para nós unha gran lección. É o caso de Anusuya, de 28 anos, que vive en Mathagadi, Karaikal –estado costeiro no que Implicadas comezou a traballar a raíz do tsunami–: “Aprendín a coser antes de casar, pero nunca me dedicara a esta actividade para facer cartos. Teño unha filla e un fillo e, cando veu o tsunami, a miña aldea quedou arrasada pola onda. Perdín a maior parte das miñas pertenzas. Cando Implicadas e PDI comezaron a traballar na zona e a organizar as mulleres, decidín unirme. Fun unha das primeiras en solicitar crédito para unha máquina de coser. Agora emprego tamén o meu home e os dous cosemos e vendemos a roupa e con iso podemos vivir con dignidade”. Amais do aspecto económico, as beneficiarias tamén destacan a mellora na calidade de vida, como nos comentaba Runi, do proxecto de desenvolvemento urbano de Tiruchy: “Antes non saía nunca, pero agora vou a todas as partes, apáñome de marabilla e xa non dependo de ninguén.”.

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Como se chama?</li> <li>▪ A que se dedica?</li> <li>▪ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea...</li> <li>▪ Canto tempo leva estudando galego? Por que o estuda?</li> <li>▪ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten?</li> </ul> <p>(Se procede)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Que lle gusta máis da cultura galega?</li> <li>▪ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa?</li> </ul>	
2. RESUMO	3 minutos aprox.
<p>Faga un resumo do contido do artigo.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Que é Implicadas/os no Desenvolvemento?</li> <li>▪ En que consiste o curso de formación desenvolvido por esta ONG?</li> <li>▪ Que son os grupos de aforro?</li> <li>▪ En que outros proxectos traballa esta organización?</li> </ul>	
3. EXPOSICIÓN	3-4 minutos aprox.
<p>Realice unha exposición acerca da seguinte afirmación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>A. “Dándolles poder ás mulleres conséguese a igualdade entre sexos.”</li> <li>B. “O cambio estrutural que orixine un mundo máis xusto só será viable coa implicación da sociedade dos países máis desenvolvidos.”</li> <li>C. “Hoxe en día existen grandes cotas de desenvolvemento, aínda que o 50% da poboación mundial viva en situación de discriminación.”</li> <li>D. “Poucas cousas materiais se necesitan para vivir con dignidade.”</li> </ul>	

**4. INTERACCIÓN**

**4 minutos aprox.**

**OPCIÓN A**

*“Dándolles poder ás mulleres conséguese a igualdade entre sexos.”*

- Que opinión lle merece a idea de traballar ou “educar” os homes para acadar unha igualdade real?
- Como pensa que poderían contribuír os homes á igualdade no día a día?
- Onde pensa que hai que educar os nenos en igualdade, na casa ou na escola?
- Cal pensa que é a causa de que unha muller que desenvolve o mesmo traballo ca un home gañe menos? Cre que ás veces esta diferenza pode estar xustificada? En que casos?
- Boa parte da poboación coincide en sinalar que determinados postos están reservados aos homes. Que lle parece? Pensa que hai postos reservados ás mulleres? Cales?
- *(Se procede)* Coñece vostede algunha iniciativa similar no seu lugar de orixe?

**OPCIÓN B**

*“O cambio estrutural que orixine un mundo máis xusto só será viable coa implicación da sociedade dos países máis desenvolvidos.”*

- Moitas veces a implicación chega da man das ONG, pero cre que con elas se vai conseguir o equilibrio entre os dous hemisferios?
- En que mans pensa que está a solución, entre os países pobres ou os ricos? E que opina do gran de area que achegamos ou que non achegamos cada un de nós para esta causa?
- Vostede colabora ou colaborou con algunha ONG ou con algún programa ou proxecto humanitario?  
*(Resposta afirmativa)* Que lle parece/pareceu a experiencia?  
*(Resposta negativa)* Coñece alguén que o fixese? E gustaríalle participar nalgún destes proxectos? Por que?
- Que opina dalgúns profesionais que gastan as súas vacacións en axudar os demais? Vostede faríao?
- Moitas persoas pensan que o diñeiro recadado por estas organizacións nunca chega ao destino. Cal é a súa opinión?
- *(Se procede)* Coñece vostede algunha iniciativa similar no seu lugar de orixe?

**OPCIÓN C**

*“Hoxe en día existen grandes cotas de desenvolvemento, aínda que o 50% da poboación mundial viva en situación de discriminación.”*

- Vostede en que pensa cando se fala de desenvolvemento?
- Desde a súa infancia ata a actualidade, houbo unha evolución progresiva da economía cara a mellores niveis de vida? Como foi?
- Nos lugares de África e de Asia onde traballan as integrantes de Implicadas hai desenvolvemento. Considera que o noso concepto de “desenvolvemento” é válido para o terceiro mundo? A que cre que nos referimos cando falamos do desenvolvemento deses países?
- Parécelle xusto que se invistan tantos cartos, por exemplo, na carreira espacial mentres que gran parte da poboación mundial vive na miseria?
- A que cre que se debe que exista tanta desigualdade no mundo? Existen responsables/culpables?
- *(Se procede)* Coñece vostede algunha iniciativa similar no seu lugar de orixe?

**OPCIÓN D**

*“Poucas cousas materiais se necesitan para vivir con dignidade.”*

- Moitos din que os cartos non dan a felicidade, cal é a súa opinión? Vostede sería feliz sen cartos?
- Pensa que o concepto de felicidade do primeiro mundo é igual ao dos países non desenvolvidos?
- Cre que, por exemplo, cambiar de móbil ou de coche cada dous anos é algo necesario? Que lle achega en casos coma este o desenvolvemento ao ser humano?
- Considérase vostede unha persoa consumista ou é dos que prefire aforrar? Por que?
- Coida que a riqueza e os valores humanos poden camiñar da man? Por que?/De que xeito?
- *(Se procede)* Coñece vostede algunha iniciativa similar no seu lugar de orixe?